



Xeración de Crédito 017X/19 (56/19)

Expte. Cividas: 2019031403

Expte. relacionado: 2019012251

XC – 017X/2019

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 19 de setembro (ref: 216/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, en data 20/09/2019.

Emitido pola Intervención Xeral informe en data 01/10/2019 (ref: 17X-19) no que conclúe: “Os compromisos de ingresos que xeran crédito ascenden á cantidade de 3.078,93 euros e teñen o seu reflexo contable no concepto 45088 do orzamento municipal “Subvención Xunta Promoción uso da lingua galega”, extremo que impide unha fiscalización favorable do expediente remitido toda vez que non existe correspondencia entre o obxecto da subvención “Actividades de animación a lectura” e o concepto de ingresos utilizado para reflectir os recursos non previstos no orzamento municipal vixente.

Dado que os recursos que se propoñen cara á xeración de crédito trasládanse a un concepto de ingresos alleo o seu destino apreciase un erro na xeración de crédito proposta que determina un informe desfavorable da Intervención municipal á xeración de crédito proposta”.

Emitido informe do Órgano de Xestión Económica, a solicitude da Sra. Concelleira de Facenda, en data 04/10/2019 (ref: 237/2019), no que indica que “Sendo que a subvención concedida ó Concello de Ourense indica que é para “a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/o axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia”, na que se indica que a actividade a desenrolar se denomina “ler conta moito” e que “todo o acompañamento e difusión das actividades do programa Ler conta moito se fará en idioma galego segundo as normas ortográficas e morfolóxicas establecidas pola Real Academia Galega”.

Sendo que existe no orzamento de Ingresos do Concello de Ourense un concepto orzamentario con código 45099 que ten coma descrición “Subv Xunta Dinamización de Bibliotecas”, que é indicado polo Sr Interventor no seu informe de control financeiro de data 01/10/2019, propónse manter a proposta realizada por este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en data 19/09/2019 nos seus termos exactos, se ben modificando o concepto orzamentario de ingreso no senso indicado polo Sr Interventor substituíndo o concepto orzamentario de ingreso 45088 “Subvención Xunta Promoción uso da lingua galega” polo concepto orzamentario 45099 “Subv. Xunta prog dinamización de bibliotecas”, mantendo o resto da proposta nos seus termos exactos”

Polo tanto, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Educación, mediante Providencia asinada o 12 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 017-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:



APLICACIÓN DOS FONDOS

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
200.3321.22612	Programa de xestión de bibliotecas Educación	3.078,93 €

TOTAL..... 3.078,93 €

ORIXE DOS FONDOS

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45099	Subv. Xunta prog dinamización de bibliotecas	3.078,93 €

TOTAL..... 3.078,93 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Educación**, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos .

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

